

## **BASES PARA UN CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “OUTONO EN AS NEVES”:**

### **1º OBXECTIVO DO CONCURSO:**

O Concello de As Neves convoca o concurso de fotografía “Outono en As Neves” para persoas de tódalas idades. Este concurso ten como obxectivo difundir o patrimonio arquitectónico, arqueolóxico, artístico, industrial ou natural por medio da realización da mellor fotografía de As Neves durante o outono, que o Concello empregará despois para a promoción turística do noso municipio.

### **2ª PARTICIPANTES:**

Poderá participar no concurso calquera persoa residente en España, coa excepción dos membros do xurado, así como os empregados/as e familiares directos da entidade organizadora do concurso.

No caso de ser os participantes menores de idade, deberán presentar as propostas acompañados dunha autorización do representante legal para participar no concurso xunto coa fotocopia do DNI do representante e do neno/a.

A efectos de ingresar o premio aos gañadores, se lles requirirá para presentar certificado de titularidade de conta bancaria a nome do beneficiario/a coa autorización, se procede, do representante legal.

### **3ª TEMÁTICA:**

O tema principal será o **Concello de As Neves** en tódolos seus ámbitos turísticos: Patrimonio arquitectónico, arqueolóxico, artístico, industrial ou natural.

### **4ª OBRAS:**

Cada participante poderá presentar **un máximo de tres obras**, sendo estas orixinais e inéditas e non teñan sido presentadas con anterioridade en outros concursos, webs o calquera outro medio dixital ou impreso.

Os participantes responsabilízanse totalmente de ser os únicos autores, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ao concurso.

As fotografías non poderán ser alteradas electronicamente ni por calquera outro medio. Tampouco se aceptarán fotomontaxes. Permitiranse mínimas correccións de cor e luminosidade, en caso de dúbidas, o xurado podería solicitar ao autor o arquivo Raw para a súa comprobación.

### **5ª PRESENTACIÓN:**

As obras deberán achegarse en soporte informático en formato JPEG ou TIFF, a unha resolución de 300ppp, e en RGB, as obras presentadas, sendo o nome do arquivo o mesmo que o título da obra.



## Bases Concurso de Fotografía “Outono en As Neves”

### 6ª ENVÍO:

As obras remitiranse por sede electrónica (registro de entrada do Concello de As Neves) indicando que participa no I Concurso Fotografía “Outono en As Neves”

Xunto coas obras remitirase un documento co Lema no nome do arquivo, que será común para tódalas fotografías presentadas por un mesmo autor. Dentro do documento incluíranse os seguintes datos do autor: Nome, apelidos, data de nacemento, dirección, código postal, municipio, provincia, país, teléfono e correo electrónico.

### 7ª PRAZO DE ADMISIÓN:

O prazo para presentar as obras estará aberto do 1 al 31 de outubro de 2024. Non se admitirán obras presentadas con posterioridade a esta data.

**8ª PREMIOS:** Cada participante non poderá obter máis dun premio.

Primeiro Premio: 300 euros.

Segundo Premio: 200 euros.

Terceiro Premio de 100 euros.

### 9ª FALLO:

O fallo do xurado producirase en 15 de Novembro de 2024 e será comunicado expresamente pola organización aos premiados. Do mesmo xeito, o CONCELLO DE AS NEVES difundirá esta información aos medios de comunicación, na súa páxina web e a través das canles que crea convenientes.

### 10ª O XURADO:

Haberá un xurado composto por 2 representantes dos distintos ámbitos sociais e culturais do concello, e un membro da Corporación, nomeados pola Alcaldía e de cuxas deliberacións e conclusións se deixará constancia na acta que se levantará ao efecto.

O xurado valorará especialmente a creatividade, o impacto visual e a súa relación coa promoción dos recursos turísticos e patrimoniais do Concello de As Neves.

O xurado elevará ao órgano municipal competente a proposta de premios que corresponda outorgar.

Os premios faranse públicos nos medios de comunicación e nas redes sociais, indicando, cando menos, o nome e apelidos dos/as gañadores/as.

### 11ª TRABALLOS PREMIADOS:

O Concello de As Neves, poderá efectuar cantas reproducións necesiten das fotografías que obteñan calquera premio e difundilo polos medios de publicidade que estime axeitado, sen que polo seu autor poda alegar dereitos ao respecto, podendo empregar a imaxe completa da



## *Bases Concurso de Fotografía “Outono en As Neves”*

fotografía ou parte dela para realizar o material relacionado coa difusión turística do Concello de As Neves.

Do mesmo xeito, o Concello, poderá introducir algunha modificación nas fotografías premiadas se existira algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nas bases.

### **12ª PUBLICIDADE:**

A convocatoria desde concurso e as súas bases publicárase no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web: [www.asneves.gal](http://www.asneves.gal)

Os sucesivos anuncios relativos ao concurso publicáranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do mesmo.

### **13ª NORMAS FINAIS:**

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases.

Os órganos competentes, en cada caso, quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas bases.

